

## É que non sabes facer nada!

- É que de verdade meu fillo, que mal conduces! E eu a miña idade debo estar pendente de todo! É que non sabes facer nada! Non me extraña que o médico me mandase repousar. Foi unha sorte que á Mercedes lle sobrara un desconto para un balneario arxentino. Que simpática a Mercedes!- dixo Manolo; pai de un fillo, avó de un neto e felizmente casado; saíndo pola porta do coche aparcado fronte ao porto de Vigo.

-Esa o que é, é unha lercha Manolo, que quere que vayas a Arxentina para que morras no viaxe!- ía detrás súa dona Maruxa- Sabe Deus que lle votan a esas augas termais para que quenzan. Anda Manolo deixa esta tolemia, volve para casa e fagoche uns callos. Dillo ti Santiago, fillo, que a min non me fai caso.

- Mamá reláxate que tan pouco é para tanto -dixo Santiago sacando do maleteiro as maletas de seu pai.

- Ai meu Deus!-dixo a pobre muller-. Vivo rodeada de tolos, de inconscientes! Manolo, polo amor de Deus non sexas carneiro e vai para casa. Verdade Fina?, nora miña dime que ti cando menos me comprendes.

- Soségate muller, Manolo e moi independente e coidarase ben el só -dixo Fina, esposa de Santiago, que acababa de saír do coche co fillo da parella, Ricardo-. Ademais, a viaxe só dura tres días, non me sexas pesimista Maruxa. Manolo, o rapaz quéreche recitar unha poesía con motivo da ocasión.

Cadrou que a poesía que o meniño escollera fora “Adiós ríos, adiós fontes” de Rosalía de Castro. E conforme ía escoitando entráballe un aire melancólico ao pobre Manolo. Virouse cara o mar e comezou a pensar... E se cando volvese xa non quedaban carballos en Galicia? E se cando volvese xa non estaban os callos da súa dona? E se cando volvese xa non quedaba a retranca galega? E se cando volvese non quedaba un só hórreo en pé? E se cando volvese xa non se servía polbo nas tabernas? Ou peor, e se xa non quedaban tabernas das de toda a vida? E se cando volvese xa non se celebraban as romaría? E se cando volvese xa non estaban alí os castros? E se cando volvese xa non se celebraban feiras? E se cando volvese xa non se bailaban muiñeiras? E se cando volvese xa non se tocaba a gaita? E se cando volvese xa non se vendía marisco nas lonxas? E se cando volvese xa non chovese? Esa choiva que dá a vida a súa Galicia. Non, non podía deixar a Galicia soa, non podía deixar que Galicia deixase de ser Galicia. El ante todo era galego, e debía quedar en Galicia pasase o que pasase. Debía cancelar a viaxe rapidamente, non podía abandoar así a súa terra querida.

Pero... en que estaba pensando, despois de tanto cotorrear, a súa muller meteulle na cabeza que non debía ir a viaxe. Pero debía ser razonable, non podía perder semellante oportunidade por un pouco de melancolía, un poema e unha vella falangueira. Pero de repente comezou a pensar no seu neto, o seu querido Ricardo. Entón foi cando Manolo recordou ao seu avó. El non o coñecera moito, pois morrera cando tiña seis anos, sen embargo tiña un moi bo recordo del. Recordábaoo como o home máis bo, máis sabio e máis vello da parroquia. Levábaoo a pasear pola natureza e ensináballe de todo: como recoñecer os paxaros, que froitos e fungos podía comer, en que época podía ver as bolboretas,... Pero un bo día veuno na cama e despois dunha ceremonia na que todos ían vestidos de negro xa non volvreu ver ao seu avó. Sempre pensou nas moitas cousas que podía ter aprendido se o seu avó estivese ao seu lado máis tempo. Canta dor por mor de non ter visto máis ao seu avoíño. Non, non podía facerlle isto ao seu Ricardo, que sería do pobre rapaz sen o apoio da súa figura?

Ademais recordou que foi el quen turrou polo seu fillo co fin de darrle cando menos un neto. Sabía o que tiña que facer, e pensaba facelo. Colleu as maletas e gardounas no maleteiro e, ca mesma, subiu ao asento do copiloto do coche de seu fillo.

- Pero papá que demos estás a facer? – dixo Santiago moi estrañado.

- Fillo, e que me din conta de que non podía irme. Teño que quedarme aquí en Galicia, co meu Ricardo! Non quero morrer nunha terra estraña mentres meu neto crece sen min e o meu fogar é destruído. Ademais coido que debo quedar para botarche unha man porque... É que non sabes facer nada ben!

-Logo se estás tan seguro de que non queres ir volvamos para casa que áinda hai que facer a comida! - dixo Fina mentres subía ao coche canda seu marido.

-Pero que de un fogar destruído? Avoa, non era que o avó só se ía tres días – dixo o rapaz moi desconcertado, áinda sen subir ao coche.

A súa avoa acercóuselle e colleuno cariñosamente no colo, logo díxolle ao oído:

- Cala queridiño, que xa o temos no bote. Este non deixa Galicia non que lle resta de vida!

